



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTA CONCELLO O 7 NOVEMBRO DE 2013
--

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA
--

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Alcalde-Presidente
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO
Concelleiro
DNA. AMALIA GOLDAR CORA
Concelleira
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA
Concelleiro
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA
Concelleira
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN
Concelleiro
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR
Concelleiro
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA
Concelleira
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS
Concelleiro
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE
Concelleira
D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS
Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ
Concelleiro
DNA. BELÉN LOUZA VIEITES
Concelleira
D. MANUEL OTERO ESPÍÑO
Concelleiro
D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO
Concelleiro

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE
Concelleira
DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
Concelleiro
DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS
Concelleira

GRUPO do BNG:

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
Concelleiro

SECRETARIA EN FUNCIONS

DNA. M^a JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

INTERVENTOR EN FUNCIONS

D. Luís M. Lozano Lorelz

FALTAN Á SESIÓN

D. José Luis Picaño Riveira
Concelleiro polo PSdeG-PSOE

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día sete de novembro de dous mil trece, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria en funcións.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 3 DE OUTUBRO DE 2013.

2º.- TOMA EN CONSIDERACIÓN DA RENUNCIA DO CONCELLEIRO D. JOSÉ LUIS PICAÑO RIVEIRA.

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

3º.-DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 2 E O 30 DE SETEMBRO DE 2013, ÁMBOLOS DOUS INCLUIDOS.

4º.-ROGOS E PREGUNTAS.

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 3 DE OUTUBRO DE 2013.

Sr. Alcalde.- Boa tarde a...a todos i benvidos a...bueno moi boa tarde, damos comezo á sesión ordinaria correspondente ao mes de novembro. Sesión plenaria que se celebra na...na Casa Consistorial no Salón de Plenos i o primeiro punto da Orde do Día, dentro da parte resolutoria, é o primeiro punto aprobación se procede da acta correspondente á sesión plenaria celebrada o 3 de outubro. Ten a palabra a señora Louzao.

Sra. Belén Louzao do PS de G.-PSOE.- Ben, con respecto á aprobación da acta anterior, dende o noso grupo temos detectado que hai algunha incorrección con respecto á asistencia dos concelleiros á mesma. Polo tanto pedimos que se proceda á súa modificación.

Sr. Alcalde.- Moi ben, moitas gracias. Por parte de...da Secretaría se ten detectado tamén un erro, posiblemente de transcripción, no acordo adoptado no punto...no punto número dous apartado número cinco do Acordo plenario do 3 de outubro, onde se falaba da...dos ficheiros que iban a ser tramitados a través da Lei de Protección de Datos e onde, supoño que sería por un erro de...de transcripción, se...se reflexa que se suprime o ficheiro de xestión económica e contable cando non é así, cando os ficheiros que se proceden a suprimir son os de carácter persoal: padrón, persoal, contabilidade e S.I.U.S.S. pero non, en ningún caso xestión económica e contable. Este erro...polo tanto se procedemos a súa subsanación i o Acordo debe figurar da seguinte maneira:

Suprimir os ficheiros de carácter persoal: padrón, persoal contabilidade e S.I.U.S.S. creados con anterioridade á Ordenanza municipal de ficheiros reguladores dos ficheiros de datos de carácter persoal deste Concello. Os ficheiros que se suprimirán serán migrados aos novos ficheiros respectivos conforme o disposto no artigo 20.3 da Lei Ordinaria de Protección de Datos. Queda polo tanto recollida así na acta correspondente. ¿Non sei se hai algunha outra alegación á acta? Pois se non hai ningunha alegación procedemos a votala con estas enmendas, con estas correccións. ¿votos en contra? ¿Abstencións? ¿Votos a favor? Aprobámola por unanimidade.

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 04-11-2013, advirtindo de erro no Acordo adoptado no punto 2º da Orde do Día (apartado 5º), polo que se aprobaba a Ordenanza para a creación, modificación e supresión de ficheiros de datos, proponendo que

Onde dí:

"5º.- Suprimir os ficheiros de carácter persoal: padrón, persoal, xestión económica e contable, contabilidade e S.I.U.S.S., creados con anterioridade á Ordenanza Municipal de Ficheiros, reguladores dos ficheiros de datos de carácter persoal deste Concello. Os ficheiros que se suprimirán serán migrados aos novos ficheiros respectivos, conforme o disposto no art. 20.3 da LOPD."

Debe dicir:

"5º.- Suprimir os ficheiros de carácter persoal: padrón, persoal, contabilidade e S.I.U.S.S., creados con anterioridade á Ordenanza Municipal de Ficheiros, reguladores dos ficheiros de datos de carácter persoal deste Concello. Os ficheiros

que se suprimirán serán migrados aos novos ficheiros respectivos, conforme o disposto no art. 20.3 da LOPD."

Así mesmo, advírtese de erro na acta plenaria do 3 de outubro de 2013, na que consta como no asistente á sesión o concelleiro de PsdeG-PSOE D. Manuel Sanmartín Obelleiro, cando o non asistente foi o Concelleiro do mesmo grupo D. Manuel Otero Espiño, polo que se propón á corrección de dito erro.

O Pleno da Corporación acorda, por unanimidade, aprobación a acta da sesión plenaria do día 3 de outubro de 2013, previa corrección dos erros anteriormente descritos.

Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2º.- TOMA EN CONSIDERACIÓN DA RENUNCIA DO CONCELLEIRO D. JOSÉ LUÍS PICAÑO RIVEIRA.

Sr. Alcalde: O segundo punto da Orde do Día é a toma en consideración da renuncia do concelleiro D. José Luis Picaño Riveira. Proponse, polo tanto, á Corporación municipal, ao Pleno desta Corporación municipal, primeiro tomar en consideración a renuncia ao cargo do concelleiro de D. José Luis Picaño Riveira, o segundo sinalar que, a xuízo do Pleno do Concello da Estrada, corresponde cubrir a correspondente vacante a D. José Antonio Duro de La Fuente; i terceiro, remitir certificado deste Acordo á Xunta Electoral Central aos efectos de que expida a credencial acreditativa da condición de electo a favor de José Antonio Duro de La Fuente, que, segundo os datos obrantes neste Concello, é o candidato que ocupa o posto número 11 da lista electoral do PSdeG-PSOE nas eleccións locais do ano 2011 para cubrir a vacante producida.

Polo tanto, procedemos á...se non hai ningunha intervención, á toma en consideración desta renuncia i adoptar o Acordo que... ¿señora Secretaria, temos que proceder á súa votación?.....¿deste Acordo?....¿Temos que proceder á votación do Acordo?...¿sí non?...¿e a proposta...proposta da Alcaldía?...moi ben, pois queda tomada en consideración i dado conta para remitir á Xunta electoral.

Finalmente, adóptase, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:

Vista a renuncia ao cargo de Concelleiro do PSdeG-PSOE de D. José Luis Picaño Riveira, mediante escrito presentado no Concello pasado 4 de outubro de 2013 (R.E. 11398).

Vista a candidatura proclamada do PsdeG-PSOE nas últimas eleccións locais no Concello da Estrada e visto que na mesma o undécimo candidato é D. José Antonio Duro de la Fuente.

Vista a sesión constitutiva do Pleno da Corporación de 11 de xuño de 2011, na que tomaron posesión os 9 primeiros candidatos do PsdeG-PSOE que resultaron elixidos nas eleccións locais, e visto o Acordo plenario de data 4 de xullo de 2013, no que tomou posesión o candidato nº 10 por renuncia do nº 9.

Visto o preceptuado na Lei Orgánica 5/85, R.D. 2568/1986 e Instrución da Xunta Electoral Central de 10 de xullo de 2003.

ACÓRDASE:

1º.- Tomar en consideración a renuncia ao cargo de Concelleiro de D. José Luis Picaño Riveira.

2º.- Sinalar que, a xuízo do Pleno do Concello da Estrada, corresponde cubrir a correspondente vacante por D. José Antonio Duro de la Fuente.

3º.- Remitir certificado deste Acordo á Xunta Electoral Central (con enderezo en Carrera de San Jerónimo nº 36 – 28071 Madrid), aos efectos de que expida a credencial acreditativa da condición de electo a favor de D. José Antonio Duro de la Fuente, que, segundo os datos obrantes neste Concello, é o candidato que ocupa o posto nº 11 da lista electoral do PsdeG-PSOE nas eleccións locais do ano 2011, para cubrir a vacante producida.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

Sr. Alcalde.- Antes de pasar á parte de Control da Xestión non sei se hai algunha moción de urxencia, ten a palabra a señora Louzao.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Ben, imos a presentar por urxencia unhas mocións que tiñamos rexistradas en tempo e forma neste concello i que entendemos que por esquecemento non se trataron en Comisión. Polo tanto, imos a presentar a primeira delas...

Interrumpe o Sr. Alcalde.- Señora...señora Louzao, perdoe un segundiño...disculpe si lles parece, por facelo máis operativo creo que hai unha moción coordinada polos tres grupos políticos polo día en contra da violencia de xénero i, si lle parece, procedemos a dar lectura desa e despois pasamos ás demais que...ten a palabra...sí, ten a palabra a Concelleira de Benestar para explicar a urxencia desta moción.

A) DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL CELEBRADA O 04-11-2013, EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE MANIFESTO INSTITUCIONAL NO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

Dna. Amalia Goldar do PP.- Gracias Alcalde, boas tardes a todos, como é sabido, o próximo día 25 de novembro é o día internacional para a eliminación da violencia contra á muller, a tal fin traemos a este Pleno ordinario do presente mes unha declaración institucional consensuada por todos os grupos que forman a Corporación, a fin de proceder á súa aprobación polo Pleno e poder incorporala como tal declaración aos actos que o vindeiro día 25 de novembro se levarán a cabo en recordo das vítimas da violencia contra as mulleres, en repulsa contra este tipo de actuacións. Gracias.

Sr. Alcalde.- Moi ben. ¿Algunha cuestión en canto á urxencia da moción? Pois se...se non hai ningunha cuestión procedemos a votar ¿Votos en contra?, ¿Abstencións?, ¿Votos a favor?.Apróbase por unanimidade a urxencia.

Apróbase a urxencia da Moción por unanimidade.

Sr. Alcalde.- Ten a palabra a Concelleira de Benestar para explicar a urxencia desta moción.

Dna. Amalia Goldar do PP.- Gracias Alcalde. O pasado luns a Comisión de Servizos Sociais e Igualdade acordou presentar para a

súa aprobación en Pleno a seguinte declaración institucional acordada por tódolos integrantes de dita Comisión que paso a ler:

Os grupos da Corporación municipal someten ao Pleno o seguinte manifesto institucional con motivo do día internacional para a eliminación da violencia de xénero. Vivir sen violencia é un dereito, a violencia machista conculca os dereitos e pon en perigo a vida de moitas mulleres galegas, é a manifestación máis terrible da desigualdade entre homes e mulleres que persiste na nosa sociedade. A obriga das administracións públicas é poñer os medios para erradicar a violencia de xénero e protexer ás vítimas. Con motivo do día internacional para a eliminación da violencia contra a muller, o Concello da Estrada manifesta o seu máis profundo rexeitamento a calquera forma de violencia exercida contra as mulleres. Moitos concellos foron pioneiros no desenvolvemento de medidas contra a violencia de xénero, nestes momentos de dificultades orzamentarias débense manter e mellorar as actuacións contra a violencia de xénero e de protección ás vítimas. Débese tamén reclamar doutras instancias competentes o cumprimento das obrigas, da garantía do dereito das mulleres a vivir sen violencia. Hai que facer fincapé na importancia da presentación da denuncia por parte das mulleres como un dos instrumentos para lograr unha defensa integral e coordinada da muller vítima de violencia de xénero, e tamén como mecanismo que inicia esa actuación en defensa e protección da muller. A importancia de denunciar ponse de manifesto no dato de que o 70 por cento das vítimas mortais non presentaron denuncia, polo tanto a falta desta leva ineludiblemente a unha maior vulnerabilidade da muller. Resulta imprescindible ademais arbitrar novos e máis eficaces instrumentos xurídicos ben articulados tecnicamente que atallen dende o inicio calquera conduta que no futuro poida dexenerar en feitos aínda máis graves. A pesar dos esforzos realizados nos últimos anos máis o desenvolvemento lexislativo estamos a ver como os axustes orzamentarios que se están producindo nas distintas áreas están prexudicando ao desenvolvemento das mulleres e afectando á súa vulnerabilidade ante a violencia machista. Por todo isto, a Corporación municipal asume o compromiso de manter e mellorar os recursos municipais de información, acompañamento, asistencia ás vítimas de violencia de xénero e facilitar o acceso ás axudas económicas de violencia de xénero para promover o fortalecemento de independencia económica, política e social das mulleres. Comprométense a seguir traballando pola prevención, o apoio e a asistencia ás vítimas e aos seus fillos e fillas no ano 2014. Instar ao goberno galego a facer efectiva a lei galega para prevención e o tratamento da violencia de xénero e a manter e continuar desenvolvendo aqueles aspectos e medidas contempladas na mesma. Instar ao Goberno do Estado á creación dos necesarios Xulgados específicos de violencia de xénero nas cidades galegas que, a día de hoxe, aínda carecen deles para a defensa efectiva das mulleres sen escatimar os medios humanos e técnicos precisos.

Con esta declaración o Pleno do Concello da Estrada quere deixar claro que a violencia nas súas distintas formas que se comete contra as mulleres constitúe...constitúe a máis clara manifestación de desigualdade que persiste entre homes e mulleres, constitúe un atentado ao dereito á vida, á seguridade, á liberdade, á dignidade e integridade física e psíquica das vítimas. Hai que procurar e mellorar a coordinación das distintas administracións para garantir en todos os ámbitos a vida das mulleres e a súa seguridade. Dende o Concello, e a través do CIM, se atende, asesora, acompaña e poñen a disposición das mulleres todos aqueles mecanismos que están ao noso alcance para garantir a seguridade das mesmas e dos seus fillos e fillas vítimas en primeira persoa desta violencia. A pesar da situación económica e social complicada que estamos a vivir non

debemos baixar a garda e seguir mantendo e mellorando os mecanismos de protección integral da muller vítima desta violencia.

Antes de rematar, agradecer as aportacións e a vontade de acordo do resto dos grupos políticos que forman parte desta Corporación na elaboración e aprobación desta declaración institucional. Grazas.

Sr. Alcalde.- Moi ben, moitas grazas, ten a palabra a señora Louzao.

Sra. Belén Louzao do PS de G.-PSOE.- Ben, un ano máis chegados ao mes de novembro a vontade política destes...dos membros desta Corporación municipal fai que cheguemos, por unanimidade, a un acordo institucional rexeitando a violencia de xénero. Dende logo que si, os socialistas vamos a estar aí porque consideramos, e así o temos defendido en múltiples ocasións, que a lacra que ataíña á nosa sociedade hoxe en día, que é a violencia de xénero, débese atacar dende as distintas administracións i dende todas as ideoloxías, represente a quen se represente, porque, dende logo, a nosa sociedade está a sufrir, como dicía, con esta lacra. Sen embargo, non podemos coincidir neste caso coas declaracións que facía ao final a señora concelleira, posto que o que é unha realidade, o que é palpable i o que se debe denunciar, a pesares de que se busquen acordos i de que se intente coa mellor vontade chegar a estos, o que se debe denunciar, digo, é que a violencia de xénero está a sufrir nesta situación económica continuos recortes, continuos recortes, xa non en materia orzamentaria, que son moi importantes, dende que o Partido Popular goberna no Estado o 28 por cento dos orzamentos para a violencia de xénero foron recortados, pero é que o máis grave non é soamente iso, senón que se está a recortar dende os distintos ámbitos sociais, se eliminan, i así se fai a través das distintas políticas se eliminan, como dicía, labores de asesoramento, labores de coordinación, incluso colaboracións institucionais que había establecidas veñen de sufrir tamén estos recortes i de ser eliminados. Sen ir máis lonxe a proposta da reforma local pretende usurpar as competencias municipais en igualdade e leva tamén implícita a desaparición dos puntos de información municipais. Como dicíamos, dende as distintas políticas, dende a reforma do código penal, se está a tramitar unha lei, un anteproxecto que fai que a maioría dos casos de violencia pasen a tratarse como delitos leves, despenalizando, incluso, as vexacións inxustas que moitas veces suelen acompañar ao maltrato. Elimínase simplemente xa algo que é o que deixa claro de que estamos a falar, a propia expresión "violencia de xénero" se trata de eliminar i eso, dende logo, consideramos que é ocultar unha realidade, porque esa realidade non desaparece por eliminar a expresión, é máis, como dicía, a maioría dos delitos de violencia pasarán a ser considerados leves e polo tanto prescribir ao ano. No que si estamos de acordo i no que si vamos a facer máis fincapé, a pesar de que se recolle tamén no acordo institucional, é na importancia de acompañar ás vítimas de violencia de xénero i de que as denuncias se continúen a recibir, se continúe a prestar toda a colaboración, porque nos últimos dez anos foron 700 as mulleres que perderon a vida por culpa desta lacra, porque no que vai de ano levamos 41 vítimas i esas vítimas tiñan fillos. Tamén os fillos son vítimas de violencia de xénero, 8 orfos, perdón, 37 orfos quedan no que vai de ano por esta lacra i, como dicíamos, é moi importante a denuncia porque no pasado 2012 producíronse máis de 100.000 denuncias i destas denuncias o que hai que dicir é que as vítimas de 2012, as 52 mulleres que foron asasinadas con razón de violencia de xénero no 2012 42 delas non tiñan presentado denuncia, un 80 por cento das mesmas non tiñan presentado denuncia. Por iso creo que é responsabilidade, como membros da Corporación municipal, facer fincapé en que é importante

a efectividade da denuncia como un medio de protección á muller.
Moitas grazas.

(Aplausos)

Sr. Alcalde.- Moi ben, moi ben señora Louzao. Ten a palabra o Señor Magariños.

Sr. Magariños do BNG.- Como ben dicía a portavoz do Grupo Socialista e a Concelleira de Servizos Sociais, resaltar que unha vez máis as tres forzas políticas que formamos parte deste Pleno chegamos a acordo. Fixemos as nosas aportacións para elaborar un texto en conxunto, e a min gustárame indicar tres cuestións, tres puntos a maiores do que aquí levamos falado, teñen que ver co feito da denuncia e de garantir a suficiente solvencia económica e...para que as mulleres poidan...dean ese paso e se atrevan a denunciar, e si hai que resaltar diversos informes da asociación de mulleres, resalta que a crise supón un freo para denunciar polo temor a non encontrar emprego e verse sen recursos para saír adiante. É necesario garantir que a muller e os seus fillos e as súas familias poden seguir adiante unha vez que presentan esta denuncia, para iso hai que garantizarlles que teñen un medio para subsistir, garantir o acompañamento das mulleres para acceder aos recursos e nos procesos xudiciais, garantía..para que sexa unha garantía de seguridade para elas e evitar o medo a realizar esta denuncia pola propia presión que se da moitas veces no...no seu entorno e saír deste...desta lacra e deste círculo vicioso que moitas veces é a violencia no entorno familiar. A importancia de desenvolver as medidas previstas na Lei 11/2007, relativas á implicación do SERGAS na detección, prevención e asistencia das vítimas de violencia de xénero, serían pasos importantes para, dunha vez por todas, poder dicir que vivimos nunha sociedade onde acabamos con esta lacra.

Sr. Alcalde.- Moi ben, pois si non hai máis...ningunha outra intervención creo que, estando totalmente de acordo as tres forzas políticas en que temos un problema...un problema social, un problema grave que é a violencia de xénero i temos que loitar contra ela de distintas maneiras e de distintos ámbitos, pois creo que ao final a moción conxunta expresa ese recoñecemento, así que, si lles parece, procedemos á votación da moción. ¿Votos en contra? ¿Abstencións? ¿Votos a favor? Apróbese polo tanto esta moción por unanimidade.

Finalmente, adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Visto o manifesto institucional dos grupos políticos da Corporación con motivo do día internacional para a eliminación da violencia de xénero.

Visto que vivir sen violencia é un dereito. A violencia machista conculca os dereitos e pon en perigo a vida de moitas mulleres galegas, é a manifestación máis terríbel da desigualdade entre homes e mulleres que persiste na nosa sociedade. A obriga das administracións públicas é poñer os medios para erradicar a violencia de xénero e protexer as vítimas.

Visto que, con motivo do Día Internacional para a eliminación da violencia contra a muller, o Concello da Estrada manifesta o seu máis profundo rexeitamento a calquera forma de violencia exercida contra as mulleres.

Visto que moitos concellos foron pioneiros no desenvolvemento de medidas contra a violencia de xénero. Nestes momentos de dificultades orzamentarias débense manter e mellorar as actuacións contra a violencia de xénero e de protección ás vítimas. Débese tamén reclamar doutras instancias competentes, o cumprimento das obrigas, da garantía do dereito das mulleres a viviren sen violencia. Hai que facer fincapé na

importancia da presentación da denuncia por parte das mulleres como un dos instrumentos para lograr unha defensa integral e coordinada da muller vítima de violencia de xénero e tamén como mecanismo que inicia as actuacións en defensa e protección da muller. A importancia de denunciar ponse de manifesto no dato de que o 70% das vítimas mortais non presentaron denuncia, polo tanto a falta desta leva ineludiblemente a unha maior vulnerabilidade da Muller.

Visto que resulta imprescindible, ademais, arbitrar novos e máis eficaces instrumentos xurídicos, ben articulados tecnicamente, que atallen dende o inicio calquera conduta que no futuro pida dexenerar en feitos aínda máis graves.

Visto que, a pesar dos esforzos realizados nos últimos anos, malia o desenvolvemento lexislativo, estamos a ver como os axustes orzamentarios que se están producindo nas distintas áreas, están prexudicando o desenvolvemento das mulleres e afectando a súa vulnerabilidade ante a violencia machista.

Por todo o anterior a Corporación en Pleno **ACORDA:**

1º.- Asumir o compromiso de manter e mellorar os recursos municipais de información, acompañamento e asistencia a vítimas de violencia de xénero e facilitar o acceso ás axudas económicas de violencia de xénero para promover o fortalecemento da independencia económica, política e social das mulleres.

2º.- Comprometerse a seguir traballando pola prevención, o apoio e a asistencia ás vítimas e aos seus fillos e fillas no ano 2014.

3º.- Instar ao Goberno Galego a facer efectiva a Lei galega para a prevención e o tratamento da violencia de xénero, e a manter e continuar desenvolvendo aqueles aspectos e medidas contemplados na mesma.

4º.- Instar ao Goberno do Estado á creación dos necesarios xulgados específicos de Violencia de Xénero, nas cidades galegas que a día de hoxe aínda carecen deles, para a defensa efectiva das mulleres sen escatimar os medios humanos e técnicos precisos.

Sr. Alcalde: Algunha outra...tiña a palabra a señora Louzao para trasladar as súas mocións de urxencia.

B) MOCIÓN DO PsdeG-PSOE PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A DESESTIMAR A NON LEVAR A EFECTO A PROPOSTA DE REFORMA DA LEI DE DEMARACIÓN PARA OS TRIBUNAIS DE INSTANCIA FEITA PÚBLICA POLO MINISTERIO DE XUSTIZA.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Ben, retomando o que estaba a dicir, imos a trasladar por urxencia, neste caso, unhas mocións que xa tiñamos presentado.

A primeira delas que queremos dar traslado a este Pleno é unha moción instando ao Goberno de España a desestimar e non levar a efecto a proposta de reforma da Lei de Demarcación e planta feita pública polo Ministerio de Xustiza. Como dicimos, a traemos por urxencia porque cremos que é un tema importante i que se debe de atallar o antes posible, posto que esta proposta de reforma incide en que a demarcación pase a ser a provincia para os Tribunais de Instancia, polo tanto estamos a falar de que o partido xudicial da Estrada desaparecerá como tal i de que os seus Xulgados se trasladarán, neste caso, a Pontevedra. Por eso, como dicíamos, entendemos que é un tema de suficiente calado como para ser tratado neste Pleno, i que se non pudo ser, descoñecemos os motivos, levado

en tempo e forma á Comisión pertinente para traer a este Pleno, consideramos que, polo calado e a importancia que ten para os veciños e veciñas da Estrada i de todo o partido xudicial, debemos de traer a este Pleno por urxencia esta moción.

Sr. Alcalde.- Moi ben, ¿algunha intervención en canto ao fondo da cuestión? Señor Magariños ten vostede a palabra.

Sr. Magariños do BNG.- Apoiar e que se debata a urxencia.

Sr. Alcalde.- Moi ben, bueno, pois creo que coincidimos todos tamén nesta cuestión de que, evidentemente, é un tema onde temos que estar alerta i, ademais, non de por si tratado xa nesta sesión plenaria. Creo que hai un Acordo das forzas políticas en relación a esta cuestión i en contra da inicial reforma de planta xudicial plantexada polo goberno central, creo que nos posicionamos de forma unánime os tres grupos. Si cren que debemos de reforzar ante a proposta que hai encima da mesa por parte do propio Ministerio, a través dos Consellos Xerais do Poder Xudicial i de outros órganos de reforma, entendemos que pode ser factible ver que podemos sumar aos Acordos que tomamos xa de forma unánime nesta sesión plenaria, pero bueno, creo que a urxencia evidentemente non está xustificada. Temos tempo suficiente para debatir esta cuestión e para posicionarnos, que de feito xa o estamos...xa o fixemos i de forma clara i contundente ante a Xunta de Galicia i ante o goberno da nación, de que estamos en contra desta reforma, de que non nos satisfai en ningún caso, de que non estamos de acordo en que se modifique a planta xudicial i de que, dende logo, en ningún caso estamos de acordo en que a Estrada perda esa...esa capacidade ou esa capitalidade da súa comarca i, polo tanto, esa capitalidade do partido xudicial. Creo que neso estábamos todos de acordo, tomamos ese Acordo de forma contundente i, si lles parece que hai algo que podemos aportar a maiores, o pasaremos a unha Comisión Informativa i alí o debatiremos, estou convencido que ao final acadaremos os Acordos oportunos.

Si, ten vostede a palabra.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Ben, como vostede dixo alá polo mes de maio do 2012, nesta mesma sede nos pronunciamos tamén cunha moción levada adiante polo Partido Socialista ao respecto dun informe que había i que fora requerido polo Ministerio sobre os partidos xudiciais i as taxas. Como ben sabe vostede, tempo despois, xa vai alá máis dun ano, o que fixo o Ministro de Xustiza, a pesares de ter dito que non facía seu informe, a pesares de ter dito que non se iba a suprimir ningunha sede xudicial como fixo o pasado 9 de xullo, pois soubemos que agora existe unha proposta en firme feita polo Ministerio, unha proposta de modificación que, ignorando todo aquilo que dixo (igual que fixo no seu día coas taxas que finalmente implantou), ignorando como, digo, todo aquilo que el mesmo dixo en distintos actos, o que fai é propor a desaparición dos partidos xudiciais. Polo tanto consideramos que a defensa dos nosos veciños i a reiteración da defensa dos nosos veciños, dende logo, avanzado o procedemento si é de rigor levar adiante i volver a manifestar con máis ahínco si cabe, i si temos que facer outro tipo de actos dende a Corporación municipal, consideramos que se debe de facer, facer ver i facer valer a razón dos estradenses porque, dende logo, é importante que o Ministerio desestime esta proposta de reforma, agora si xa proposta de reforma, pero tamén é moi importante solicitar que se leve adiante unha nova proposta de reforma.

Non sei si vostedes me acompañan no argumento ou non...moitas gracias pola súa atención. Como decía, solicitar unha nova proposta de reforma na que se teña en conta, por exemplo, algo que non se fixo ata agora, ás comunidades autónomas que non se lles está a ter

en conta i agardamos que algo teñan que decir, posto que tamén teñen competencias na materia. Agardar que queremos que non se teña vicios de inconstitucionalidade como pode ter, manifestar que se manteñan unha vez máis a demarcación de planta vinculado aos territorios. Como decía, cremos que é a nosa obriga como representantes dos veciños da Estrada i, dende logo, pedir que se manteñan as audiencias provinciais i os xulgados de paz para evitar o afastamento da xustiza dos cidadáns, así como implantar aos Tribunais de Instancia simultaneamente co pleno desenvolvemento da oficina xudicial que aí quedou parado, aí quedou perdido no tempo i que, dende logo, é de rigor, porque, como dicíamos, xa se fixo unha manifestación ao respecto dun informe que foi pedido, pero esto é un paso máis alá, é unha proposta de reforma dunha Lei i creo que os estradenses algo debemos decir aí, porque os nosos veciños o din cada venres que se van a manifestar para defender o Rexistro Civil i, polo tanto, non podemos ser alleos i creo que si debemos dicir algo unha vez máis, porque é un paso máis avanzado, xa non é un informe non vinculante, é unha proposta de reforma feita polo propio Ministerio.

Sr. Alcalde.- Moi ben señora Louzao, creo que estamos bastante de acordo, xa o dixen antes dende o principio deste...deste debate i desta cuestión ¿non? Creo que é un tema para reflexionar i para debatir, me parece que o seo do seu debate é a propia comisión informativa, non hai nada que nos urxa a tomar este Acordo hoxe i creo que temos tempo máis que suficiente para poder chegar a un acordo que sexa contundente i serio na defensa dos intereses dos nosos veciños, creo que aí estamos todos de acordo. Ademais, esto é unha proposta que...que aparece, como ben recolle a súa moción, na páxina web do Ministerio, pero é unha proposta feita por un grupo de expertos que, en ningún caso, é a proposta...a proposta do Ministerio, esta é unha proposta dun grupo que, sabe vostede ademais, que se encargou para un grupo de expertos para ver as distintas opcións que había nesa reforma da planta xudicial e a partir de aí se empezará a traballar. Me consta ademais, porque ademais este tema xa o falamos en máis dunha ocasión co propio Vicepresidente da Xunta i Conselleiro de Xustiza... de Administracións Públicas i Xustiza, i si van a ter opción de traballar as propias comunidades autónomas nesta reforma de Lei i eu, evidentemente, entendo que a Estrada aí si vai a ter que ter...marcar a súa posición clara, i eu os insto a debatir este tema, a chegar a acordos i sempre por encima de todo cos intereses dos nosos veciños por diante i está claro non...non vamos a apoiar en ningún caso unha reforma que supoña un afastamento dos servizos básicos esenciais en caso da xustiza, por suposto outros casos tamén, i non imos apoiar de ningunha maneira que esa reforma prexudique aos intereses dos nosos veciños ¿non?, i por eso aí estou convencido de que chegaremos a acordos, pero traballemos nunha posición consensuada i contundente ¿non?, de cara a defender esos...esos intereses que todos queremos defender.

Así que, emprazándoos a tramitar i a debatir esta moción na correspondente Comisión Informativa, procedemos á votación da urxencia ¿votos en contra da urxencia? ¿Abstencións? ¿Votos a favor? Queda rexeitada por maioría.

(Neste momento incorpórase á sesión a concelleira Dna. Lucía Seoane Rosende)

A urxencia da Moción é rexeitada polos votos a favor do PsdeG-PSOE (8) e do BNG (1), e votos en contra do Partido Popular (11).

Sr. Alcade: ¿Non sei se hai algunha outra cuestión? Pois ten a palabra a señora Louzao.

C) MOCIÓN DO PsdeG-PSOE RELATIVA AO REXEITAMENTO DO NOVO COPAGO PARA FÁRMACOS QUE SE DISPENSAN NOS HOSPITAIS DE MANEIRA AMBULATORIA.

Sra. Belén Louzao do PS de G.-PSOE.- Ben, igual que comencei dicindo na...no plantexamento da moción anterior, imos a traer tamén outra moción que vostede dicía que nos emplazaba a unha Comisión. Nós tamén quixéramos levalas a unha Comisión por eso as rexistramos en tempo e forma para que se puidesen convocar tanto a moción anterior dende o mes de setembro, como esta en tempo suficiente dende o mes pasado para poder traelas por Comisión, i traelas cos informes que sexan requeridos i debatidas, i agardamos chegar a consenso en ámbalas dúas. Pero como xa dixemos vostedes convocan as Comisións, nós presentamos as mocións que xa está feito e vostedes convocan as Comisións, si non o fan o recurso que temos evidentemente e plantexarllas ao Pleno por urxencia, i eso é o que imos a facer con outra moción que tamén temos rexistrada no Concello i que tampouco foi convocada a Comisión que é unha moción rexeitando o novo copago para fármacos que se dispensan nos hospitais de maneira ambulatoria. Porque dende que o Partido Popular aprobou o Real Decreto polo que as menciñas se pagan, pois continúa a facer unha serie de reformas sanitarias que fan que, nestos casos, estes pacientes afectados de enfermidades serias i graves se vexan avocados a ter que pagar medicamentos que reciben do hospital. Estamos a falar de enfermidades tan graves como cancro de mama, de ril, como distintos tumores, como a hepatite, como a artrite reumatoide, etc. Estamos a falar cremos que dun tema sensible, dun tema no que todas as forzas políticas, polo menos no seu día, coincidíamos en que a sanidade debe de ser para todos, i todo o mundo ter acceso, i no que agora estase a poñer dificultades para que estas persoas poidan recibir estes tratamentos. Como se coñece polos medios de comunicación, xa son moitos os Concellos que están a tomar medidas ao respecto i que lle están a decir á Comunidade Autónoma que por esta liña non é por onde se debe de camiñar, son moitos os Concellos, como digo, que teñen manifestado que non aceptan que os seus veciños teñan que pagar, posto que a súa enfermidade xa é suficiente carga para eles como por encima facerlles levar adiante unha carga económica tamén. I pedimos deste Concello, primeiro, dende logo, instar a que esta Lei non se leve adiante, plantexarlle ao goberno da Comunidade que non acepte esto que impón o Ministerio de Sanidade i, por outro lado, plantexar que o Concello se poña do lado dos seus veciños afectados por esta situación i que, en caso de que a Xunta nos...non nos escoite así como o Ministerio, que o Concello da Estrada abra unha liña de axuda para os pacientes crónicos receptores destes medicamentos, i consideramos que non téndose convocada a Comisión é urxente levala adiante porque, como dicíamos, estes pacientes están a vivir xa con suficiente carga que é esta...as que son as súas enfermidades como para por encima tamén verse preocupados por que vai a pasar cos seus tratamentos o día que teñan que pagalos i non poidan facer fronte aos mesmos. Por iso, sabendo que o tema sanitario é un tema que preocupa aos nosos veciños, que estas persoas afectadas destas enfermidades xa sufren situacións de estrés abondo radicadas...derivadas da enfermidade, propoñemos levar adiante por urxencia esta moción para, canto antes, poñernos do lado dos veciños afectados.

(Aplausos)

Sr. Alcalde.- Moi ben, ¿algunha outra intervención con relación á urxencia? Ten a palabra o señor Magariños.

Sr. Magariños do BNG.- Sí, apoiar a urxencia e, coincido coa portavoz socialista en que moitas veces á oposición non nos queda outro remedio que traer vía urxencia porque presentamos as mocións en tempo e forma e o BNG leva esperando por varias Comisións para tratar varias, non lle vai quedar máis remedio que presentalas a partir de agora por urxencia porque se non...esta claro que non se tratan as mocións.

Sr. Alcalde.- Moi ben señor Magariños, pois como...bueno eu creo que ademais é importante nestos temas tan sensibles falar con coñecemento de causa ¿non?, i saber do que se está falando, creo que é importante non crear tampouco nin falsas expectativas, nin falsas alarmas ¿non?, sobre todo sobre a actuación i a actitude que está tendo o Concello da Estrada en relación a esta...a esta cuestión. Eu creo que todos, unha vez máis, coincidimos nunha das partes fundamentais do noso estado do benestar, do noso sistema de benestar que é a sanidade pública universal, pero a sanidade pública universal para ser pública e ser universal ten que ser sostible ¿non?, creo que neso coincidimos todos, claro si deixamos o sistema de sanidade pública arruinado é difícil que poidamos seguir mantendo un sistema de calidade i dificilmente máis difícil todavía que o sigamos mantendo gratuíto ¿non?, entonces, ante esta situación, o que sobra a veces é demagogia i o que falta é acción política ¿non?, e a acción política leva a tomar decisións e a compensalas na medida da posibilidade dende as distintas administracións. Creo ademais que dende...dende o Concello se están tomando medidas nesa dirección, saben vostedes que hai un número importantísimo de usuarios nos Servizos Sociais do Concello da Estrada, ese número importante de persoas, de veciños i veciñas está sendo analizado i...i revisado constantemente i facendo un seguimento moi intenso da súa...da súa problemática i dentro desa...desa...dese traballo que están facendo os excelentes Servizos Sociais que temos nesta casa, pois está tamén a axuda i a colaboración con persoas que teñen problemas para asumir determinados costes dos seus servizos básicos, entre os cales están a axuda a medicamentos ¿non?, esa axuda xa se está prestando dende o Concello i, polo tanto, eu si queren, si lles parece oportuno, debatiremos esta cuestión no propio debate de Orzamentos, i veremos cal é a aportación que fai o Concello aos Servizos Sociais i a aportación que fai a estes i outras moitas situacións que se están a producir no noso concello, situacións a veces dramáticas i que...i que estamos cumprindo i cubrindo, na medida das posibilidades, as súas necesidades i, entre todos, ao mellor pois se nos ocorre algunha fórmula para complementar estas medidas i estas accións que están levando a cabo. Pero creo que, en todo caso eso, será un tema i unha cuestión que no propio debate de Orzamentos o Partido Socialista ou BNG poderán presentar as súas emendas ou as súas propostas i as debatiremos i analizaremos en debida cuestión con suficiente profundidade, cal é a política en materia de servizos sociais i de apoio ás persoas necesitadas que ten este...este concello, que eu creo que son importantes i ademais dunha cuantía económica considerable ¿non? Ese esforzo que fan tódolos cidadáns se ve reflectido nesa aportación ao gasto social i creo, ademais, que nestos momentos debe de ser así. Por eso lles emplazo a...a poder facer este debate sosegado nas correspondentes Comisións Informativas do debate de Orzamentos i a partir de aí estaremos de acordo i aceptaremos propostas nesta i noutras direccións que veñan dos demais grupos políticos.

Así que, si lles parece, procedemos a...a votar esta cuestión, a urxencia, ¿votos en contra da urxencia? ¿Votos a favor? Non hai abstencións polo tanto rexéitase por maioría absoluta.

A urxencia da Moción é rexéitada polos votos a favor do PsdeG-PSOE (8) e do BNG (1), e votos en contra do Partido Popular (11).

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

3º.-DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 2 E O 30 DE SETEMBRO DE 2013, ÁMBOLOS DOUS INCLUÍDOS.

Sr. Alcalde.- Pois antes de pasar ou...pasando á parte de Control da Xestión, o terceiro punto é dación de conta das resolucións de alcaldía dictadas no período comprendido entre o 2 e o 30 de setembro de 2013 ámbolos dous incluídos.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 2 e o 30 de setembro de 2013 (ambos os dous incluídos), e que van dende a número 1123 ao número 1270).

O Pleno da Corporación queda sabedor.

4º.-ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. Alcalde.- Punto número cuarto Rogos e Preguntas. ¿Hai algún rogo ou algunha pregunta? Ten a palabra a señora Louzao.

Sra. Belén Louzao do PS de G.-PSOE.- Bueno, vendo pois, efectivamente, que se nos emplaza a Comisións que non se convocan, que se aplazan debates que son importantes para os nosos veciños, pois non nos queda máis que deixar tamén de presentar mocións por urxencia porque tamén non se votan as urxencias, non se convocan as Comisións, bueno pois é o que nos queda polo visto.

Queremos plantexar i trasladar a esta...a este goberno un rogo que é, neste caso, dirixido á Concellería de Rural que posiblemente xa teña coñecemento do mesmo noutras ocasións i que se repite i se reitera nesta ocasión: Os cabalos ceibos neste caso que afectan...afectan ás parroquias de Frades, posiblemente i noutras ocasións así foi, pertencían ao concello veciño, a asociacións de cabalos ceibos do concello veciño. Neste caso volven como digo a afectar ás propiedades de gandeiros da zona de Frades i solicitamos, rogamos á Concellería deste ramo que se poña en contacto coas asociacións de bestas do concello veciño para que procedan a tomar medidas ou que pase a controlar i a supervisar o que está a acontecer neste caso, como dicía, na parroquia de Frades polos danos que están a producir xa o producían...xa se produciron, como dixeran, noutras épocas do ano i en anos anteriores i volta a sufrirse este problema. Por eso, rogamos se tomen medidas, se poñan en contacto para paliar os efectos que isto está a provocar i se tomen medidas ao efecto.

Como dicíamos eso era un rogo, i agora queremos plantexar unha pregunta, unha pregunta que se fixeron moitos veciños da Estrada nestos días, posto que a prensa trasladou a todos e así chegou o que

aconteceu o accidente, como digo repito, accidente que aconteceu afortunadamente sen vítimas, sin danos persoais que lamentar no caso da obra do novo Mercado da Praza de Abastos. Por iso queremos trasladar a pregunta que, como dicía, estes días moitos veciños tiveron na cabeza de si se está a cumprir, si o Concello está a supervisar o cumprimento do plan de seguridade da obra que se está a levar...de reforma do novo Mercado, que se está a levar adiante nestas datas, posto ademais que, como dicía, o accidente que se produciu agora fai que sexan moitas as especulacións que os veciños comentan pola rúa de como se está a levar adiante esta obra. Por eso queremos saber si o plan de seguridade, que estamos seguros que existe para esta obra, se está a supervisar i se está a cumprir.

Sr. Alcalde.- Bueno, como sabe vostede, as múltiples obras que temos en execución nestos momentos practicamente todas están sendo coordinadas i dirixidas por persoal municipal. Hai un Arquitecto i un Aparellador municipal que son o Director de obra i o Coordinador de seguridade i salud, i evidentemente o propio Concello i os propios técnicos fan un seguimento diario, de feito, a tarde anterior os técnicos estiveran na propia obra da Praza. Home, eu xa de especulacións procuro non falar nos Plenos, sobre comentarios de taberna, procuro non facelo pero si vostede...si vostede lle da algunha credibilidade ou lle fai algunha ilusión especial falar deles, lles podo garantir que é lóxico que cando un fai obras teña problemas nas mesmas, cando non as fai normalmente non suele haber problema ¿non?, normalmente xurden as complicacións i este tipo de imprevistos cando un está executando obras e infraestruturas i está traballando i poñendo en marcha proxectos que levaban moito tempo esperando a ser executados, i nesa cantidade de proxectos importantes, pois sempre ten i existe a posibilidade de que aconteza algún imprevisto. Son imprevistos que ocorren i, dende logo, pois o que...o que dende logo nós felicitamos é que non houbera ningún dano personal, que eu creo que nestos casos é o máis importante i que os danos producidos na propiedade colindante entendemos, ou así nos trasladan, que van a empezar a ser reparados de forma inmediata. A propia empresa, a aseguradora se fará cargo dos costes xerados por ese incidente...esa incidencia i que a obra da Praza de Abastos evoluciona a bo ritmo. Se está executando en función dos prazos previstos i esperamos que no mes de abril estea completamente rematada i finalizada xa para...para empezar a súa nova actividade, que eu creo que será un éxito a nivel comercial i de rehabilitación desa zona do casco urbano, que é, dende logo, unha das zonas importantes. ¿Algún outro rogo ou pregunta?, ten a palabra o señor Magariños.

Sr. Magariños do BNG.- Uns rogos. Un é que se poña en contacto cos propietarios dunha explanada situada no fondo da estrada de Codeseda, a explanada que está detrás do aparcadoiro do teatro que está sendo utilizado para aparcar moitos veciños e veciñas, sobre todo cando van a buscar aos rapaces e ás rapazas ao colexio Pérez Viondi, e que presenta un estado bastante deplorable ¿non?, de fochancas, pero bueno, e si, xa que os propietarios ou propietarias permiten que alí aparquen os veciños, poñerse en contacto con eles para adecentar este espacio. Rógolle unha vez máis...

(Interrumpe) Sr. Alcalde.- Perdoe, contéstolle a ese rogo ou lle traslado que esa xestión foi feita por este goberno i grazas á xentileza dun propietario. O seu propietario nos cedeu o uso dese aparcamento, dese solar para...para uso da actividade educativa no colexio Perez Viondi i temos... bueno, o típico problema que tamén nos acontece na Avenida de América i é que o propietario moi xentilmente nos permite un acondicionamento suave pero bueno, evidentemente non permite que se faga unha actuación moito máis

amplia pois, ao mellor, cunha capa de zahorra ou un aglomerado para poder manter no tempo unhas condicións adecuadas ¿non? É razoable i é lóxico i eso, tendo en conta tamén a pendente do terreo i a situación onde está, que hai unha zona que acumula bastante auga, produce certos problemas. Xa é a segunda vez que se acondiciona i bueno, está previsto despois de que melloren as condicións climatolóxicas volver outra vez a darlle un...un nivelado para poñelo en estado óptimo.

Sr. Magariños do BNG.- Este foi un rogo que me trasladaron esta mañá, que a persoa que mo trasladou quería vir ao Concello a facelo persoalmente, pero como non podía pedirme que o fixera e, efectivamente, fun pola tarde e bueno, presenta unha situación, polo que ben di, a auga, a pendente fai que se fagan alí máis presas.

Outro rogo vólvollo a traer unha vez máis, é que se dirixa á Deputación para que rectifique o cartel da Deputación en Santo André de Veá e se coloque como..., volvo a repetir, estamos na terra do Secretario Xeral de Política Lingüística.

E despois unha serie de preguntas, a primeira é unha pregunta que xa lle fixen creo que polo mes de maio, se me contestou que era responsabilidade da empresa que fixo estas obras, que correspondería aos veciños da Costa e Oural, que na parroquia de Guimarei están a sufrir aínda deterioros das pistas que lle xerou a traída da auga e sigue sen repararse estas pistas. Que se reparen, si lle corresponde á empresa e non o fai terá que facelo o Concello.

Sr. Alcalde.- Con relación a ese proxecto sabe que se fixo unha inversión en torno a 60.000 euros para facer a conexión de máis de 100 domicilios ou de 100 vivendas á traída da auga municipal. Unha demanda tamén longamente esperada polos veciños desa parroquia i agora quedaron exactamente, quero recordar, en torno a 20 vivendas que todavía non foron conectadas porque había que ramificar os ramais principais que fixeron da obra. Unha segunda fase que andará en torno aos 36.000 euros i que lle podo decir que seguramente, en torno a 15 días, terémola adxudicada i empezada a obra de abastecemento da auga para dar cobertura ao 100 por cen dos veciños da parroquia de Guimarei. Unha vez rematemos esa actuación lle podo garantir que, porque ademais imos actuar xa en zonas onde tamén se actuou na anterior, quedará completamente finalizada a obra i buscaremos a forma para que as pistas, que é certo que en algún caso presentan un estado complexo sobre todo o problema das cunetas que é certo que quedaron bastante tapadas i teñen problemas, hai problemas en algúns viais, xa os temos perfectamente localizados os acondicionaremos debidamente.

Sr. Magariños do BNG.- Moi ben, nestos días estase procedendo a realizar a roza de limpeza en varias pistas da zona da concentración parcelaria "Monte do Val de Veá 1 e 2", pero non está...non se está realizando por tódalas pistas. ¿Vaise a realizar por todas estas pistas ou simplemente vai a ser unha actuación puntual en certos viais?

Sr. Alcalde.- Estamos traballando de forma intensa nesa zona, posiblemente...estamos valorando a posibilidade de que nos próximos días poidamos incorporar unha segunda...unha segunda máquina, unha segunda desbrozadora, unha para acondicionamento dunhas pistas que levan aproximadamente 4 anos sin ser limpadas, i outra porque está a piques de facerse a entrega definitiva dos títulos da concentración parcelaria de val de Veá 1, que esperemos...esperemos si todo vai ben que se poidan entregar antes de finalizar o primeiro trimestre do ano que ven. Xa están os títulos...títulos previos elaborados pendentes de remisión dos títulos ao notario para despois pasar ao rexistro i poñer a data. Eu espero que antes do primeiro trimestre

do ano que ven estemos entregando esos títulos da concentración parcelaria de Val de Veá 1 i, ademais, sabe vostede que temos un convenio con Medio Rural polo cal no seu momento nos cederon unha desbrozadora e temos que xustificar unha limpeza de... dunha serie de quilómetros en camiños... en camiños de monte, i estas son as actuacións vinculadas a ese convenio, i espero, na medida do posible, imos a facer todo o posible para que a actuación sexa o máis ambiciosa i quede todo o camiño, tódalas pistas da concentración parcelaria en perfecto estado. Esa é a idea que temos i nesa dirección imos a traballar, i xa lle digo, posiblemente reforzemos o ... nos trasladaban, me trasladaban hoxe mesmo o Técnico do Rural que sería preciso reforzar i apoiar esa desbrozadora con outras máis i estamos vendo a posibilidade da semana que ven de poder aportar ese reforzo para... para finalizar toda a actuación.

Sr. Magariños do BNG.- Moi ben. ¿Ten pensado o goberno ao final aplicar a subida dos valores catastrais do IBI para solucionar o problema do incremento brutal do IBI?

Sr. Alcalde.- Ten pensado o goberno local facer unha rebaixa substancial do IBI para o ano que ven, esa é a decisión que temos tomada i esa decisión xa está... como sabe vostede, estamos traballando xa na proposta de Orzamentos para o ano 2014, i así vai incorporada xa na proposta de Orzamentos unha rebaixa que supón deixar de ingresar en torno a 850.000 euros no ano 14, 850.000 euros que quedarán nos petos dos nosos veciños que eu entendo que... que é unha medida importante, contundente i que vai permitir rebaixar pois practicamente un tercio do coste que os nosos veciños estaban soportando con respecto ao IBI no concello da Estrada. É unha... é unha medida importante, somos un dos concellos... dos poucos concellos que arbitrou unha medida destas características i eu creo, ademais, que despois do esforzo pedido aos veciños durante os dous anos anteriores, despois de... de eu creo que das medidas esixentes que se lle pediron a tódolos cidadáns de cara a paliar en certa medida a situación económica i, tendo en conta tamén as decisións tomadas polo goberno de Madrid, entendíamos que había que facer un esforzo i manter esta situación o máis... o máis estable posible no tempo, i isto é volver ao noso tipo impositivo que sempre foi o 0'4 i, unha vez volto ao tipo impositivo, pois valorar, i nos teremos que sentar, i, como sabe vostede, aínda que algúns digan o contrario, a ponencia de valores ten que ser solicitada polo Concello. Valoraremos si para o ano 15 ou para o ano 16 se dan as condicións necesarias para establecer unha nova ponencia de valores, xa lle digo tamén publicamente para que non haxa equívocos non... é mentira, radicalmente falso que se poida aplicar con efecto retroactivo dende a aprobación do Plan Xeral, eso é unha falacia a quen lle gusta dar bombo i platillo a determinadas cuestións que non son verdade, que reiteran na mentira i eso, digo rotundamente, que é mentira, i, polo tanto, a ponencia de valores funcionará sempre dende o momento da súa aprobación por parte do Pleno en adiante nunca hacia atrás, i cando decidamos esa nova ponencia se fará unha nova valoración.

Polo tanto, ese incremento do 10 por cento para rebaixar o 33 por cento do valor catastral do que pagan os nosos veciños non é con efectos definitivos como se está dicindo, é con efectos ata unha nova ponencia de valores que está nas nosas mans valorar a data da aplicación desa propia ponencia, i aí é onde nós pois somos donos do noso propio futuro, saberemos a decisión que temos que tomar, parece que para algúns a ponencia de valores é a panacea i a solución, pois o temos moi fácil, para outros temos máis dúbidas. Eu teño máis dúbidas de cal vai a ser a repercusión desa ponencia de valores i ao mellor podemos ver que con ese incremento dos valores catastrais do 10 por cento aínda non nos achegamos nin de lonxe ao que vai a ser os

efectos da entrada en vigor dunha nova ponencia de valores. Entonces aí si que empezaremos a falar, i como o tempo ao final da i quita razóns, porque esto non é unha cuestión de debates, ao final veremos cal é a repercusión que vai a ter na cidadanía. É fácil de...é fácil de resolver esta cuestión ¿non? Ao final o tempo nos vai a decir en que cuestión i en como vai a rematar todo este proceso. Agora a decisión e a rebaixa do tipo impositivo, baixamos do 0'6 ao 0'4, facemos unha redución do 33 por cento no IBI para o ano que ven, conxelamos tódalas taxas, debemos ser o único Concello de Galicia que conxela tódalas taxas, conxelamos tódolos impostos, non aplicamos a subida do canon da recollida da basura, se está facendo un esforzo extraordinario pola contención do gasto i estamos facendo un esforzo extraordinario por non repercutirlle determinadas decisións que podemos ou non estar en acordo ou en desacordo, repercutirlle aos nosos veciños ¿non? Estamos intentando actuar de colchón, de paraugas para paliar os efectos desas medidas que a veces entendemos i consideramos que son inxustas.

Así que esa é a liña básica da...dos Orzamentos 2014, o titular sería conxelamos taxas, conxelamos impostos, baixamos o IBI ao 33 por cento i nos permitimos non aplicar a recollida de basuras de SOGAMA, a diferenza do que fan outros gobernos socialistas que si a van a aplicar, ou outros gobernos do Bloque Nacionalista Galego como o de Poio, por exemplo, que vai a subir a basura un 25 por cento, por exemplo, ou o de Silleda que vai a subir un cen por cen, socialista. Entonces, o Concello da Estrada do Partido Popular non aplicará esa subida na recollida de basuras.

Sr. Magariños do BNG.- Con respecto ao IBI teño entendido que só coa medida que vai a aplicar se rebaixa un 27 por cento porque hai que ter en conta que lle sube, bueno as súas propias palabras, que lle sube o valor impositivo. Lembrarlle tamén que ao final non aplicar as medidas que aproban outros gobernos, neste caso o goberno do Partido Popular de Santiago, o goberno do Partido Popular de Madrid, sirepercute nos petos dos cidadáns porque sale dos seus impostos, si se gasta neso non se gasta noutra cuestión.

E despois outra pregunta: ¿Ten o goberno realizado algún estudo sobre a realidade dos valores catastrais do Concello diferente do que xa se ten feito e que demostraba que existía unha sobrevaloración nos mesmos?

Sr. Alcalde.- Mire señor Magariños, as cifras son as que son. Eu falei dun 33 por cento de rebaixa da recadación porque imos a rebaixar un 27 por cento neto, a rebaixa neta no recibo do IBI vai a ser o 27 por cento, a rebaixa neta...neta...neta despois da subida do valor catastral, a rebaixa neta do tipo do IBI vai a ser do 27 por cento i despois imos aplicar unha rebaixa a 1147 inmobles que van a deixar de pagar a contribución urbana i van a pasar a contribución rústica, que supón o 8 por cento da recadación do IBI. Polo tanto, o Concello da Estrada vai a deixar de recaudar 850.000 euros que é o 35 por cento da súa recaudación. Eso é o que dixen eu i o volvo a repetir para que non haxa lugar a dudas, nós imos a deixar de recaudar o 35 por cento do que se recaudou no ano 2013 i non van a salir doutro lado, van a salir dos petos dos nosos veciños van a deixar de salir esos 850.000 euros, ese 35 por cento que se deixa de recaudar pola parte do IBI. I no que respecta ao pago ,ao gasto claro que cada un decide onde se gasta i este goberno pois prescinde de cousas prescindibles para actuar sobre o imprescindible i aí é onde marca cada un as súas liñas estratéxicas ¿non? Nós non queremos facer "rock and clown" e gastar 180.000 euros ,non, queremos apoiar aos servizos sociais i queremos que os veciños non paguen a subida do...da recollida de basuras i digo máis, i seguramente ademais...seguramente ademais non salgan nin do peto dos nosos veciños porque imos a conseguir, si ao final somos capaces de

poñer en marcha o servizo provincial de recollida de basuras, imos a conseguir que a Deputación sexa a que absorba aos concellos que pasen a formar parte dese servizo provincial o incremento correspondente á taxa de SOGAMA, estamos nesa negociación. Creo que o Presidente está bastante receptivo nesta cuestión i creo que imos a ser capaces de conseguir que a Deputación absorba o importe, o coste do incremento que vai a ter a factura de SOGAMA nos concellos i, polo tanto, non vai a ser un coste directo que vai a ter que soportar o Concello da Estrada. Outra xestión que vai a permitir que poidamos ter máis recursos para poder facer...seguir facendo o que realmente cremos que é importante ¿non?, que é atender ás persoas, ás súas necesidades i sacar adiante os proxectos máis importantes que temos enriba da mesa.

I con respecto á segunda pregunta que me formulaba vostede, que se tiñamos algunha valoración sobre o IBI, mire, eu lle vou a decir que como este é un tema que sabe vostede que nos preocupaba a todos bastante, se puxo en marcha cando se eliminou a bonificación do IBI durante dous meses ata que se extinguiu por inanición, porque deixaron de ir ao propio servizo, tivemos que deixar de prestalo porque a xente lle deixou de asistir. Anunciamos por activa i por pasiva a posta en marcha dun servizo de asesoramento na oficina do ORAL onde todas as persoas que quixeran ou que entenderan que tiñan sobrevaloracións catastrais nos seus recibos puideran ir a consultar expresamente o seu caso i ser atendidos de forma individual. Ese servizo tivemos que extingui-lo por falta de uso despois dun mes e medio, durante o último mes...o último medio mes estivo atendendo unha media de 5 persoas á semana, por tanto tivemos que deixalo porque non era operativo, i a ese servizo se presentaron en torno a 55 particulares e se analizaron 84 propiedades i en ningunha delas, ningunha soa desas propiedades, se detectou que houbera un incremento, unha sobrevaloración, ao contrario, se detectou que estaban infravaloradas con respecto ao que sería a aplicación dunha nova ponencia de valores, aplicación dos datos que poderían salir dunha nova ponencia de valores. I o exercicio é realmente sinxelo, eu non sei si vostede leu a Lei Tributaria, pero sabe vostede que os datos...os datos que apuntan para facer unha nova ponencia de valores é que os valores catastrais medios deberán de andar en torno ao 50 por cento do valor de mercado, aproximadamente. Despois...despois dunha ponencia de valores os datos que arroxa unha nova ponencia deberían andar en torno ao 50 por cento do valor de mercado, faga vostede a conta. Eu lle podo garantir que vin moitos recibos da contribución, moitos, moitos... i nos últimos meses moitísimos, i lle podo asegurar que así como digo que existía un exceso de carga impositiva dese 0'6 por cento, era excesivo ao noso entender aínda que non excesivo so na Estrada, lle recordo que hai concellos socialistas que o teñen ao 0'9 e ao 1 por cento i concellos do BNG que o teñen ao 0'75 como o concello veciño de Teo, i non pasa nada son nacionalistas...

(Interrumpe) Sr. Magariños do BNG.- corrixa...corrixa o que acaba de decir o concello de Teo non é do BNG.

Sr. Alcalde.- Cando...cando aplicou esa taxa si, cando incrementou o IBI si era do BNG, i agora fóiselles do redil, pero ata aquela era do BNG. Agora está co amigo Beiras está co...co enemigo Beiras, perdón, o enemigo seu.

Sr. Magariños do BNG.- O seu amigo...o seu amigo

Sr. Alcalde.- Pero...pero o que lle podo decir...xa veremos de quen é amigo, cando cheguen os pactos xa veremos de quen é amigo, de quen é enemigo, pero o que si está claro é que...é que hai ese exemplo claro i é un estudo de campo real da xente que entendía

realmente que tiña unha sobrevaloración catastral, i non houbo nin un só caso, eso é unha...unha clara evidencia do que é a realidade ¿non? Das valoracións catastrais, de todas formas pode haber casos puntuais. Eu lle digo que estou convencido, aínda hoxe vin un recibo da contribución cunha valoración que eu entendo que era algo excesiva, non era unha valoración brutal pero con respecto ao resto de valores catastrais si que era algo excesiva i...i lles digo que a min me preocupa ¿sabe por que?, porque estou analizando a repercusión das altas voluntarias que están facendo as persoas que están declarando alteracións catastrais por modificación, por reforma, por nova construción e estou vendo as modificacións catastrais, os valores catastrais que están aplicando i bueno, pois a verdade é que...é que están alcanzando cifras en torno aos 50, 60 ou 70.000 euros de valor catastral as novas propiedades, i eso...i eso vai a ser posiblemente un indicador do que pode pasar a futuro. Por eso teño as miñas cautelas sobre a ponencia de valores, pero o que si digo é que non me consta...lle digo, non me consta que exista sobrevaloracións catastrais, i os datos así o avalan, os datos...os datos a pé de campo ¿eh?, non os datos de estudos feitos a voz ou desenvolvidos dalgunha maneira concreta, os datos de campo que son os que calquer cidadán de forma libre pudo acudir a esa oficina de información, aportou a súa documentación i ningún... só caso de alteración catastral ou de incremento de valor ou de sobrevaloración catastral.

Sr. Magariños do BNG.- Home, é unha pena que non falara antes co seu Concelleiro de Facenda, porque lle podería corrixir a afirmación que acaba de facer. Como o outro día, esa mesma argumentación a argumentou o señor Concelleiro de Facenda de que a proba de que estaban ben é que cando os veciños veñen a actualizar, porque tiveron que facer algunha reforma se lle dispara, i eu lle dixen efectivamente que se dispara porque se fai a corrección do valor con respecto á ponencia do 97...con respecto á ponencia do 97...con respecto á ponencia do 97, ¿por qué? ¿Qué se lle aplica...qué se lle aplica, perdóeme...qué se lle aplica a ese tipo de edificación que fai unhas reformas?, se lle aplica... o coeficiente corrector de antigüidade pasa a ano cero, pasa a ano cero, non ten...non ten o desconto de antigüidade. Non se fai...non se pode facer con respecto a un novo valor porque non existe ponencia de valores e fai con respecto ao do ano 97.

(Interrumpe) Sr. Alcalde.- Señor Magariños eso non é certo, eso non é certo. Hai...hai unha Lei general, e vostede ten boa intención pero a veces non sabe o que di. Hai...hai...hai...anualmente a Lei de Orzamentos publica anualmente unha actualización dos valores catastrais...

Sr. Magariños do BNG.- Con respecto ao que estaba feito, non se fai nova. Parece mentira que o señor Alcalde da Estrada e o señor Concelleiro de Facenda descoñezan isto. Aplícase, que leva uns anos que non se está aplicando o coeficiente corrector está moi baixo, pero se aplica o coeficiente corrector á ponencia de valores que está en vigor, se incrementa e efectivamente pero con respecto ao valor do ano 97.

Sr. Alcalde.- Pero que non está...que a data de hoxe non está desactualizado. Señor Magariños ¿me está dicindo vostede que unha propiedade do ano 97 vale o mesmo que no ano 2014?

Sr. Magariños do BNG.- Efectivamente, se lle aplicou á corrección o aumento de valor con respecto ao ano 97, por iso hai ese desfase entre a realidade do mercado i a ponencia i os valores.

Sr. Alcalde.- Pero señor Magariños e cando vostede faga unha nova ponencia de valores ¿que valor lle van a aplicar?, ¿a do ano 1400?, claro... cando se fixeron as pirámides, claro ¿e que valor ten o actual?, o valor por unidade, o valor por módulo trasladado dende a última vez que fixo a ponencia de valores no ano 2014. Home señor Magariños, amos a ver, que teñamos que discutir isto ¿cal é o valor de módulo que ten o concello da Estrada na súa ponencia? Eu un día, non sei se se tivo oportunidade...vostede fala moito i ao mellor nunca tivo a oportunidade de ter a ponencia de valores diante. Lle vou a traer eu a ponencia de valores i vai a ver vostede o prezo de módulo...

Sr. Magariños do BNG.- Tráíolla eu, non se preocupe.

Sr. Alcalde.- O prezo de módulo por metro cadrado que ten... ¿cal é o prezo de módulo...o prezo base? A ver, é moi sencillo, é moi sinxelo, é un prezo único, é un prezo único, é un prezo único, a partir de aí se establecen os coeficientes correctores. É moi fácil estar por debaixo dos 200 euros metro cadrado, por debaixo dos 200 euros metro cadrado de construción. Eso, evidentemente, a día de hoxe se dispara ese valor nunha nova ponencia de valores, en todas, pero é que non é o caso deste, mire, está Valga cunha nova ponencia de valores no ano 14 que entra en vigor no 14, está Vilagarcía, hai concellos na provincia de Pontevedra, párese vostede a revisar como está afectando a valoración catastral, mire vostede a valoración catastral media que temos na Estrada i a que teñen os concellos, a media ¿eh?, os concellos que están sendo obxecto de revisións catastrais nos últimos tres ou catro anos, si non hai nada que inventar está todo inventado. O incremento que se vai a producir vai a ser un incremento notable, notable na valoración podemos contelo, é certo, é certo que se poden aplicar medidas correctoras e aí é onde estará a posibilidade de xogar con ese incremento paulatino do tipo impositivo ou rebaixa do tipo impositivo ou do incremento paulatino do valor, do valor da propia...da propia ponencia, da repercusión da ponencia do valor individual de cada ben que se pode ir axustando en dez anos un 10 por cento anual. Pero ao final vai a supoñer unha subida si ou si, queiramos ou non, i eso é unha cuestión que teremos que debatir, que valorar i nunca, xa llo digo, nunca se vai a producir sin o acordo desta corporación, nunca. Seremos nós os que temos que iniciar o proceso dunha nova ponencia de valores, seremos nós os que teremos que decidir si queremos dar ese paso adiante ou non, i seremos nós os que teremos que comunicarlle ao catastro si queremos que catastro actúe sobre os valores catastrais da Estrada, a partir de aí nos poñemos na man de catastro i despois seremos nós os que teñamos que aprobar esa ponencia. Entonces, creo que temos autonomía i capacidade suficiente para poder facelo, creo que temos medios para poder analízalo, creo que temos fórmulas para poder ver que é o que está pasando noutros concellos i creo, sinceramente, que partimos duns valores catastrais excesivamente baixos i vai a supoñer inevitablemente un incremento do valor catastral, inevitablemente. I lle podo decir máis, ao mellor non no casco urbano, ao mellor non no solo urbano consolidado, porque o Plan Xeral...o Plan Xeral reduce aproveitamentos urbanísticos con respecto á normativa transitoria i seguramente eso teña unha repercusión directa nos coeficientes correctores á hora de aplicar as valoracións catastrais. Por iso no solo urbano consolidado ao mellor non ten unha repercusión tan elevada pero a vai a ter, nos solos urbanizables, nos non consolidados i nos solos de núcleos si o vai a ter, i o sabe vostede. Sabe vostede que agora no solo de núcleo unha vivenda por toda a finca está pagando a contribución rústica i só paga urbana pola edificación, daquela pasarán a incorporarse á contribución urbana tódalas fincas que queden dentro do núcleo i, polo tanto,

como ademais sabe vostede que se aprobou o Plan Xeral, tamén llo recordo, que o aprobou este goberno o Plan Xeral, eso vai a ter unha repercusión directa...vai a ter unha repercusión directa nesas clasificacións i nesas valoracións do solo i aí é onde teremos que traballar. I eu me presto a poñernos a traballar para tomar, si tomamos a decisión conxuntamente de aplicar unha nova ponencia de valores non?, agora eu xa sei tamén que aquí hai malos compañeiros de viaxe que empezamos xuntos i á primeira de cambio nos deixaron plantados, i temos que seguir nós para adiante i, evidentemente, ese camiño si o empezamos i si alguén di que vai a ser tan estupendo i tan maravillosa a ponencia de valores i o ten tan claro, pois eu xa lles digo que me presto a valorar a posibilidade de que esta Corporación adopte ese acordo e non para o ano 14, porque como saben é imposible, pero para que se poida facer o ano 15 con aplicación ao ano 16. É unha cuestión que podemos ver, i eso xa limita calquer duda que teñan vostedes sobre a repercusión que teña o incremento de 10 por cento da valoración catastral, pois xa, automaticamente, eso corta cero i empezamos de novo i polo tanto xa non hai ningún tipo de problema. Xa sabemos que non vai a haber ningunha repercusión negativa en que nós queiramos baixar o tipo impositivo ao 0'4, subindo os valores catastrais ao 10 por cento, mire que fácil é a solución i como llo estou poñendo para que poidamos chegar a un acordo todos de forma conxunta. Así que se creo que esa proposta que está enriba da mesa i o valoraremos cando vostedes estimen oportuno.

Sr. Magariños do BNG.- Sí, e a última pregunta: ¿Ten o goberno garantía de que o Goberno de Estado vai a volver ao tipo impositivo do IBI ao valor mínimo do 0'4?

Sr. Alcalde.- Sabe vostede que ademais eu sei que o sabe, que a Lei que esta aprobada no Congreso fala de que se prorroga a subida do tipo impositivo para aqueles concellos que teñen unha ponencia de valores anteriores ao ano 2002, non evidentemente no noso caso que é do ano 97, i se prorroga de forma automática en tódolos concellos excepto en aqueles que, vou a falar de memoria, poñan...apliquen ou poñan en vigor unha nova ponencia de valores no ano 14, aqueles concellos que se acollan a coeficientes i, polo tanto, asuman un incremento do valor catastral i será incompatible ese acollerse a coeficientes co incremento do tipo impositivo i o terceiro caso é aqueles concellos que non estén dentro dos supostos de aplicación de ponencias de valores a partir do ano 2009, me parece que é ¿non?, que estén máis actualizadas. O resto dos casos son incompatibles as dúas medidas, a de aplicar o incremento do tipo impositivo que aplicar os coeficientes correctores ou incremento dos coeficientes correctores. Polo tanto está é unha Lei, non é un Decreto, nin é unha Lei en tramitación, é unha Lei aprobada polo Congreso dos Deputados o, tamén falode memoria non me quero equivocar pero, o 27 de setembro me parece que foi, i, polo tanto, en vigor i, no momento de aplicar a Lei de presuposto, o único que nos queda pendente é que o Ministerio nos recoñeza ese acollernos aos coeficientes, a partir de aí comunicarlle o Acordo plenario ao ORAL i é o ORAL o que ten que aplicar o tipo impositivo, son os...dependemos directamente do ORAL i serán eles os que apliquen ese tipo 0'4.

Bueno se non hai ningunha...ningún outro rogo, ningunha outra pregunta, antes de dar por finalizado o Pleno temos a parte de participación pública. Si algunha das persoas que están na sesión plenaria queren intervir pois o poden facer identificándose co DNI correspondente...

(Ruído)

Sr. Alcalde.- Sí, pero ten...perdoe un segundo hai un Reglamento eu teño...ten que disculpar, pero hai un Reglamento aprobado que temos que facer cumprir, i o Reglamento pon que só pode intervir, só pode intervir si...si...si lle entrega...si lle entrega o DNI, identificamos aquí co DNI, i, a partir de aí, pode intervir vostede o tempo que queira i sen ningún tipo de problema.

Un a un si...si, primeiro esta...esta señora.

Sra. Concepción Valiñas Barcala.- Mire, eu quérolle preguntar, porque agora se vai a baixar algo o recibo da contribución...bueno, eu quérolle preguntar eso ¿usted vainos a devolver os cartos que nos cobrou o ano pasado de máis?, ¿non?, E, bueno, e outra cousa que fala da auga que tal, e pasa agora un home ou un señor a mirar os contadores e ven unha vez cada tres meses e aínda fala de que...que pode subir o recibo da auga e máis da basura e...e...e sabendo que está aforrando cartos na...na xente que anda pasando a ver ¿por que vostede di eso? ¿eh? Eu penso que si, porque vostede agora tamén cobrounos no recibo da contribución o ano pasado a metade máis e este ano aínda lle aplicou máis, e agora ¿devólvemos vostede os cartos ou que pasa? Pois hai que tamén mirar polos veciños ¿sabe?, que nós non roubamos os cartos ¿sabe?

E outra cousa que vou a decir do...desto, dos emigrantes retornados, que vostede que nos iba a apoiar, vostede da o cu que non nos apoia nada ¿entende?, e aos nosos homes costoulles moito traballar, andar polo mundo adiante e andar colgados en pontes traballando, e agora veñen aquí e dánnos o sablazo de 5 anos atrás ¿que lle parece?, ¿e vostede apoianos? Pois mire que andamos de...de patas ¿eh?, e seguiremos andando ata que veñan as votacións, andaremos e a ver o que van facer porque eso non está ben ¿sabe? Porque bueno, agora claro apoian aos bancos, levántanlle...levántanlle as deudas dos bancos para que, claro, para que traballen co señor Rajoy que non fai caso de nadie, e vostede tamén anda mandado polo de Pontevedra e máis polo de Santiago, e o de Santiago xa dixo no Parlamento que iba baixar o IBI ¿sabe?, xa o dixo ¿ou non o escoitou?, pois sí díxoo, así que eso, vaia tomando medidas porque nós non...non...non hai tanto traballo, non se rían que non lle é conto ningún e penso que a todos nos costa moito traballo ganar os cartos.

Sr. Alcalde.- Bueno Concepción, grazas, grazas a uste pola súa intervención eu voulle intentar responder...

Sra. Concepción Valiñas Barcala.-ustedes non nós apoian nada.....

Sr. Alcalde.- Bueno eu...

Sra. Concepción Valiñas Barcala.-..... (non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Eu vou intentar responder todo o que poida, a ver... imos a ver...imos a ver o tema de...de empezando polo final, o tema dos emigrantes, bueno é certo que eu me comprometín a...a conseguir unha reunión na que, polo menos, se lle puidera trasladar a problemática dos emigrantes ao Presidente Provincial, ao Presidente da Deputación i así ademais o asumín i en principio se non...se non hai ningunha novidade pois o vamos a intentar facer o próximo mércores á tarde aquí na Estrada, no Concello, para trasladarlle un pouco a problemática que el xa é coñecedor dela. I bueno, pois se trasladou no seu momento, pero ten que entender vostede unha cousa cos emigrantes, eu podo comprender i podo darlle a razón de que ao mellor non houbo a sensibilidade necesaria, podo entendelo, pero ten que entender vostede tamén que cando vostedes veñen para aquí, e hai unhas Leis para tributar i para pagar, e un

grupo de persoas pagan os seus impostos i vostedes por descoñecemento, por falta de información, que eu non o achaco a que...a que fora por vontade propia, eu digo vostedes non tributaron por algo que tiñan que haber pagado...

Sra. Concepción Valiñas Barcala.-... (non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Sí, pero perdoe...

Sra. Concepción Valiñas Barcala.-... (non se aprecia)

Sr. Alcalde.- O 2008...2008...2008

Sra. Concepción Valiñas Barcala.-... (non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Vale, pero ten que entender...

Sra. Concepción Valiñas Barcala.-... (non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Pero Concepción, pero ten que...ten que entender vostede que eso non é unha cuestión dun político. Se unha persoa en Facenda lle trasladou a vostede que non tiña que pagar i lle dou unha mala información...i lle da unha mala información o que hai é unha lei onde di que hai uns límites de ingresos e a partir desos límites...

Sra. Concepción Valiñas Barcala.-... (non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Non, a partir desos límites

Sra. Concepción Valiñas Barcala.-... (non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Non, a partir desos límites vostedes teñen que pagar i eu non vou a entrar aquí a valorar, porque xa lle digo é unha lei que non aprobou o goberno do Partido Popular, vostede vota contra o Partido Popular. Esa lei non a aprobou o PP aprobárona os socialistas, si, a lei aprobárona na época...a lei...

Sra. Concepción Valiñas Barcala.-... (non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Claro i eu digo...

Sra. Concepción Valiñas Barcala.-... (non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Moi ben, i non houbo sensibilidade...

Sra. Concepción Valiñas Barcala.-... (non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Perdoe, non houbo sensibilidade i seguramente non se fixo de forma adecuada i seguramente o tema non teña moita solución. Vostedes tiñan que haber pagado e non pagaron pero esto é igual que si eu mañá vou a Facenda i lle levo os meus ingresos i me di un señor de Facenda que eu non teño que facer declaración da renta i me chega unha complementaria ao ano seguinte, porque hai xente que lle chegan complementarias en España i xente que...i xente... (perdoa un segundo, que eu creo que si despois... ten despois outra pregunta que facer faina que non ten problema ningún, pero deixeme acabar porque se non non damos... llo pido por favor), i hai xente que lle chegan declaracións complementarias por facer a declaración da renta mal i por non declarar os ingresos que ten, españois, tódolos días a tódalas horas centos de miles de persoas que por non declarar ou por...por descoñecemento ou por falta de información ou por calquer outro motivo declaran mal i Facenda lles

reclama a parte correspondente i é bueno, é un pouco...eu entendo que con falta de sensibilidade, sin haber feito unha información porque a lei cambiou no ano 2006 i a vostedes nadie lles informou. É certo que houbo un cambio na lei i que ata aquela había unha forma de pagar impostos i dende aquela cambiou a formar de pagar impostos i ninguén lle informou a vostedes que esa forma cambiara, eu entendo que eso é así i houbo...

Sra. Concepción Valiñas Barcala.-... (non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Podo...

Sra. Concepción Valiñas Barcala.-... (non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Podo.. Concepción, podo entender...podo entender que si, podo entendela que si, pero vostede entenda tamén...vostede entenda tamén a outra situación. Hai unhas obrigacións tributarias, hai unhas obrigacións de pagar, de cotizar...

Sra. Concepción Valiñas Barcala.-... (non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Claro...non si, a min...a min...eu se non pago e me fai unha revisión... a min revísanme catro anos para atrás ¿eh?, a calquera dos que estamos aquí nos revisa...nos revisa catro anos para atrás porque é o que marca a lei. A lei di que só lle poidan reclamar o ano actual i os catro anos anteriores...

Sra. Concepción Valiñas Barcala.-... (non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Eso estou de acordo con vostede...estou de acordo...

Sra. Concepción Valiñas Barcala.-...(non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Estou de acordo con vostede, aí estou de acordo...

Sra. Concepción Valiñas Barcala.-...(non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Claro, pero...pero

Sra. Concepción Valiñas Barcala.-...(non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Pero Concepción vostede...

Sra. Concepción Valiñas Barcala.-...(non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Vostede imaxínese...vostede imaxínese que mañá veñen aquí todos aos que Facenda lle mandou unha liquidación complementaria por haber declarado mal no ano 2012, e veñen aquí ao Concello a decir que o Alcalde lle solucione o seu problema.

Sra. Concepción Valiñas Barcala.-...(non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Claro, entonces vostede di: "é que o Alcalde nos da a espalda", non, imos a ver, hai cousas que dependen do Concello, que nós temos competencia, que nós non podemos posicionar abertamente i eu dixen publicamente que eu non compartía como se había feito este tema. Agora outra cousa, é que hai unhas obrigacións tributarias i esas obrigacións que son para todos, que podo...podo entender...o outro día aquí un señor me explicaba perfectamente que non é xusto polo sistema de pago, por exemplo, que teñen en Suíza que hai...que interpretan que hai dous pagadores

cando un é de Suíza, son os dous da mesma...polo...a mesma...distintas compañías i lle entenden que son dous pagadores diferentes i eso computa unos 11.200 euros i, ao final, teñen que pagar. Esos...esos...esos problemas que si se produciron dunha forma puntual eu creo que hai que solucionarlos i creo que, bueno, é politicamente solucionable.

Sra. Concepción Valiñas Barcala.-... (non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Xa o sei...xa o sei, xa o sei, xa o sei

Sra. Concepción Valiñas Barcala.-... (non se aprecia)

Sr. Alcalde.- non, non, non imos a...agora hai cousas...hai cousas que se dan solucionado i outras que son máis difícil.

Sra. Concepción Valiñas Barcala.-... (non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Perdoe, perdoe que lle vou a...e que se non... non me deixa contestarlle ao que me preguntou. O tema do IBI, se imos a devolver o que se cobrou a maiores, no mire, este goberno cobrou máis IBI do que se cobraba antes, pero non cobrou de máis, cobrou máis IBI. Nós non fixemos, nós non cambiamos nós...a Estrada tiña unha bonificación do recibo do IBI, este goberno decidiu anular a bonificación, bueno pode ser eu entendo que vostede non o comprenda i entendo que vostede a critique...

Sra. Concepción Valiñas Barcala.-... (non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Non, non... eu entendo que vostede critique...eu entendo que vostede critique que este goberno, este goberno que está hoxe na Estrada anulase a bonificación do IBI, e pode decir: "eu non o comparto", vale. Nós vímonos obrigados, eu non coñezo a nadie que veña a gobernar ou a tomar decisións para prexudicar aos veciños que conviven tódolos días con eles, si o fixo é porque estaba na obrigação de tomar esa decisión. Despois se aplicou unha subida do tipo impositivo por parte do goberno de Madrid que tiñamos que seguir mantendo, vostede fíxese, vostede tiña que seguir pagando o mesmo que pagou este ano no ano que ven i no ano seguinte, tiña que seguir pagando o mesmo, i nós o que imos a facer é rebaixar ese recibo, buscar unha fórmula legal para intentar rebaixar ese recibo i que paguen un 27 por cento menos do que pagaron este ano.

Sra. Concepción Valiñas Barcala.-... (non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Non, non, non, non...non, non, non

Sra. Concepción Valiñas Barcala.-... (non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Mire Concepción, a baixada...non, eu se lle quero xogar coas cifras dígolle vamos a baixar o 33 por cento, pero como subimos o 10 por cento os valores catastrais, a baixada neta, a real é o 27 por cento, o 27 por cento imos a baixar do recibo. Esa é a decisión que tomou este goberno tendo en conta que é certo que se subiron en exceso os valores i que non foi unha decisión provocada por este goberno, pero que si, que evidentemente nós temos que soportar i agora temos que buscarlle unha solución.

O tema da auga...o tema da auga ninguén dixo que se iba a subir a auga, eu o dixen aquí publicamente a auga, a basura, o alcantarillado non se van a subir nin un só céntimo. Debemos de ser o único concello de Galicia que vai a conxelar tódalas taxas i tódolos impostos para non seguir repercutindo coste aos veciños. Bueno pois, é un esforzo, entendemos tamén o esforzo feito durante

estes dous anos i temos que asumir unha serie de costes a maiores que nos xeneran os servizos i que non os vamos a repercutir aos veciños. Pero tamén dese conta dunha cousa, i eso que quede claro i é importante sabelo, os veciños, por exemplo, sabe...vostede sabe o que é un imposto i sabe o que é unha taxa, unha taxa é pagar por un servizo que se lle presta, unha taxa é a recollida de basuras, a vostede recóllenlle a basura, vostede paga unha taxa, pero vostede non está pagando o coste do recibo da recollida de basura.

Sra. Concepción Valiñas Barcala.-... (non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Os 86 euros...os 86 euros que pagan no casco urbán pola recollida de basuras non chegan para pagar o coste da recollida de basura.

Sra. Concepción Valiñas Barcala.-... (non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Si...

Sra. Concepción Valiñas Barcala.-... (non se aprecia)

Sr. Alcalde.-claro, si, si...non, non

Sra. Concepción Valiñas Barcala.-... (non se aprecia)

Sr. Alcalde.- non pero...

Sra. Concepción Valiñas Barcala.-...E cada un...e cada un ¿que? ¿Si non ten con que pagar? A ver, ¿que pasa? Ven Facenda e embárganos...

Sr. Alcalde.- Tódolos meses é imposible, ¿vostede sabe canto costa facer unha lectura de contadores de tódolos domicilios da Estrada, xenerar os recibos, facer a facturación, emitir os...? Hai que buscar...antes facíase cada 2 meses e agora pasouse cada 3 meses.

Sra. Concepción Valiñas Barcala.- Cada 3 meses e agora, dentro de pouco, cada 6 e así dúas veces ao ano ¡veña!, ¡ala!, ¡a pagar!. E outra cousa lle vou dicir, que estos días estivo mandando xente a limpar por alá abaixo, que eu son de Fernando Conde, e as beirarrúas.. e moi ben, pero pola parte de atrás da rúa do Muíño está a herba toda a monte e o meu marido antes podía pero agora non pode. Así que alí pagamos polo solar e non ten beirarrúa nin...nin alcantarillado ¿entende? Pola calle que vai a dos aluminios.

Sr. Alcalde.- Ah, si, si, si,...si

Sra. Concepción Valiñas Barcala.- E aínda lle preguntei eu aos chicos, vaia ¿por onde estades limpando?... "por onde nos mandaron".

Sr. Alcalde.- Si

Sra. Concepción Valiñas Barcala.- e por alí limpamos nós e pagamos.

Sr. Alcalde.- Bueno, pero imos a ver, nós podemos...nós temos os medios, son...os medios son limitados son os que son. Nós primeiro o que intentamos e manter...

Sra. Concepción Valiñas Barcala.- Limpas a calle

Sr. Alcalde.- as calles...as calles principais.

Sra. Concepción Valiñas Barcala.- Xa

Sr. Alcalde.- Se hai que facer unha actuación na calle do Muíño nunca dentro das propiedades privadas, se non no que son as aerías ou no entorno das beirarrúas.

Sra. Concepción Valiñas Barcala.- Por alí pagamos o recibo do solar pero a aera está onde está e estivo facendo acera por alí adiante e a nós nada.

Sr. Alcalde.- Intentaremos mellorar eso.

Sra. Concepción Valiñas Barcala.- Mire que somos todos da Estrada.

Sr. Alcalde.- Si, si, si, por suposto.

Sra. Concepción Valiñas Barcala.- E sabemos de onde vimos e a onde vamos.

Sr. Alcalde.- Eu son de alí cerca

Sra. Concepción Valiñas Barcala.- Non, non, non, eu o conozo ben ¿eh? O conozo ben a vostede e á súa nai, ao seu pai e a todos... Déixoo e gracias ¿eh?, por atenderme.

Sr. Alcalde.- Moitas gracias Concepción, gracias a vostede.

(Aplausos)

Sr. Alcalde.- Sí, ten...ten a palabra.

Sr. Alfonso Míguez Vaamonde.- Boas tardes a todos, primeiro quero dicir que non hai como ir ao niño para pillar aos paxariños todos xuntos, e quero, vou dar nomes e vou dicir detalles que se entere a oposición do que aquí está pasando. Bueno, antes de nada tamén felicitar á señora Concelleira de Benestar Social polo bonito discurso que tivo sobre violencia...violencia de xénero, pero ela non o viveu nas súas carnes como a persoa que teño ao lado ¿eh?, e non teñen ningún tipo de axuda, nunca, nin a tiveron nin a teñen nin a van a ter, é todo moi bonito de palabra e todo eso.

Ben, segundo tema, respecto aos medicamentos... recentemente... bueno, llo comentei tamén á Concelleira de Benestar Social dos que eu, por desgracia teño, que depender. Eu falei recentemente co señor Alcalde sobre os medicamentos na miña...no meu caso particular ingresos cero euros mensuais, cero euros, estou dependendo do Axuntamento en comida que, por certo, en comida algo en hixiene cero, nin maquinillas de afeitar, nin papel hixiénico, nin moitas cousas que son, polo menos, imprescindibles, que me din que están aprobadas para o presuposto do ano que ven, falando claro, ata ao ano non vamos a cagar.

Agora vou a falar sobre o que lle comentei a Goldar sobre unha conversación que tiveron co señor Alcalde, o señor López e el está aquí (porque ela me dixo que non mo creía), eu quero dicilo diante del, igual que cando estivo o señor Dono de Alcalde eu xa estaba no paro i fun pedir traballo, por uns motivos ou por outros non houbo, sigo igual, non pasou nada, me tratou como unha persoa, non me axudou pero tratoume ben. Segundo, neste goberno local fun a falar co señor...co señor López, como el sabrá, á delegación social do PP antes das eleccións, cunha presunta prepotencia me ofreceu 300 euros como se fora a pedir limosna, cousa que lle comentei á señora Goldar e me dixo: "imposible, eso no es verdad", señor López vostede pode

decir si é verdade ou non é verdade. Non sei se me daba os 300 euros porque tenia cara de hambre ou porque viñan as eleccións i era como se pagaban os votos.

Otra cosa que quero decir es que hay presupuestos aquí, como la Plza, yo soy vecino de A Estrada de toda la vida, la Plaza se hace, la Plaza se tira, la Plaza se hace...señores arreglen la Plaza. Soy socio del Estradense desde que nací casi, ¿qué carai, es eso de intentar hacer un equipo... un campo de fútbol nuevo no sé dónde, eh? Junto a la Policía gastándose, por lo que oí, igual me confundo, 1.000.000 de euros, cuando en A Estrada la mitad de la gente estamos en el paro y sin trabajo. También si eso es cierto que se va a hacer, señor Alcalde, en nombre de todos los parados del pueblo le pido que nos compre un balón Adidas para ir a jugar, porque no vamos a tener tiempo para comer por lo menos tener tiempo para ir a jugar al campo que usd nos va a hacer.

Y no tengo mucho más que decir Sr. Alcalde, y si mentí en algo dígaselo a la señora Goldr para que lo escuche. Muchas gracias.

Sr. Alcalde.- Moi ben, señor Míguez eu non vou a facer ningún tipo de valoración sobre cuestións que creo que son alleas a este Pleno, creo que...lle explico por si outra vez ten vostede a idea de intervir, esto é unha parte de rogos e preguntas, creo que non houbo ningún rogo ningunha pregunta pola súa cuestión, eu o único que lle teño que decir é que...é que posiblemente algún pequemos...algúns pequemos de excesiva...de excesiva boas persoas con determinadas...

Sr. Alfonso Míguez Vaamonde.- Non, a ver...

Sr. Alcalde.- Non, perdón, estou eu no uso da palabra, perdón, eu respeteille o seu uso da palabra aínda que non comparta absolutamente nada do que vostede dixo pero, dígolle que...dígolle que...

Sr. Alfonso Míguez Vaamonde.- ¿mentín entonces?

Sr. Alcalde.- dígolle que eu posiblemente peque de excesivamente boa persoa con persoans que non o merezan ¿non?

Sr. Alfonso Míguez Vaamonde.- Como eu por exemplo, gracias.

Sr. Alcalde.- Eu a nivel persoal lle ofrecín a miña axuda porque non tiña outra forma de facelo i lle ofrecín a miña axuda persoal, persoal, eu, José López Campos non o Alcalde da Estrada, non se equivoque usted ¿eh?, eu como José López Campos nun sitio privado onde vostede veu a pedir...

Sr. Alfonso Míguez Vaamonde.- Non diferencio...non diferencio...

Sr. Alcalde.- Por certo, por certo, por certo onde vostede veu a pedir nunha situación bastante preocupante i eu lle dixen que non tiña ningunha opción de solucionarlle i o único que lle podía facer i estaba disposto a facerllo é darlle do meu bolsillo diñeiro para que vostede puidera comer. Eso foi o que fixen eu, pero xa vexo que evidentemente con que tipo de persoas hai que tratar i con que tipo de persoas non hai que tratar...

Sr. Alfonso Míguez Vaamonde.- Para vostede o que non vai no seu carro é mal.o

Sr. Alcalde.- De todas formas...de todas formas eu o que lle teño que dicir é que vostede é un usuario habitual dos servizos sociais deste Concello.

Sr. Alfonso Míguez Vaamonde.- si

Sr. Alcalde.- Habitual

Sr. Alfonso Míguez Vaamonde.- Si, habitual

Sr. Alcalde.- Que vostede ten unha...un nivel de prestacións de servizos por parte deste Concello por encima da media.

Sr. Alfonso Míguez Vaamonde.- Si, sin papel higiénico...sin papel higiénico.

Sr. Alcalde.- por encima da media, que aínda...que aínda fai...si que o Concello non é un supermercado señor Míguez

Sr. Alfonso Míguez Vaamonde.- Ah, no, no

Sr. Alcalde.- O Concello é un servizo, os Servizos Sociais son os servizos básicos i, dende que está este goberno aquí hai un banco de alimentos que lle da de comer a persoas que teñen problemas nos seus domicilios. I dende que está este goberno se puxo en marcha ese banco de alimentos onde eu non vou a dicir si vostede é usuario ou non porque non o podo dicir, nin o debo dicir.

Sr. Alfonso Míguez Vaamonde.- Pero eu sí o digo. Sí o son

Sr. Alcalde.- Pero este concello puxo en marcha o banco de alimentos para colaborar con persoas que están en situación de extrema gravidade, situacións moi complicadas i o estamos facendo e vamos a aumentar o esforzo que estamos facendo co banco de alimentos e vamos a intentar seguir axudando as persoas que máis o necesitan. Pero claro, vostede non confunda o Concello...non confunda o Concello co...co supermercado, esto non é un supermercado i esto non é...i esto non é un servizo de axuda á demanda. Nós aquí lle axudamos as persoas a comprar medicamentos, que non sei se é o seu caso ou non.

Sr. Alfonso Míguez Vaamonde.- mentira, mentira, mentira, mentira

Sr. Alcalde.- Aquí lle axudamos...Imos a ver, esto non é un debate eu lle estou dicindo, aquí lle axudamos...

Sr. Alfonso Míguez Vaamonde.- mentira, pero non minta

Sr. Alcalde.- aquí lle axudamos...aquí lle axudamos ás persoas a comprar medicamentos

Sr. Alfonso Míguez Vaamonde.- non minta

Sr. Alcalde.- aquí lle axudamos a persoas a ter os alimentos básicos, aquí lle axudamos a persoas a poder cubrir as súas necesidades e de...

Sr. Alfonso Míguez Vaamonde.- mentira, mentira.

Sr. Alcalde.- médicas ou de roupa, aquí axudamos a moita xente a facer moitas cousas, i ogallá non tivéramos que facelo, ogallá...

Sr. Alfonso Míguez Vaamonde.- mentira, todo o que está dicindo é mentira.

Sr. Alcalde.- Esa é a realidade i, polo tanto, eu o único que lle teño que dicir é que vostede ademais sabe que esas decisións non son políticas. Vostede utilice os canais de Servizos Sociais, como, ademais utiliza habitualmente, pois utilice ou...ou na...na medida das posibilidades, ojalá que non tivera necesidade de...de...de ter esos servizos pero, por desgracia, pois parece que si os ten. I na medida do posible... bueno, pois eu o único que lle podo dicir é que...é que intentaremos i estamos intentando axudar a todo o mundo en todo o que podemos, a veces os recursos non son...os recursos non son...

Sr. Alfonso Míguez Vaamonde.-...

Sr. Alcalde.- os recursos non son os que nos gustarían pero intentamos poñer todos os recursos posibles para poder chegar a alcanzar o número máximo de usuarios, que ao final é o que nos debe preocupar.

Sr. Alfonso Míguez Vaamonde.- Sí,¿puedo añadir algo más?

Sr. Alcalde.- Sí señor

Sr. Alfonso Míguez Vaamonde.- Sobre...respeto al tema de la medicación, desde que está el señor Rajoy en el poder y el gobierno del PP, tanto a nivel local, por desgracia, como en la Xunta, por desgracia, y como a nivel de España, por desgracia, los parados estamos al revés totalmente de lo que usted está diciendo respecto a la medicación, ingresos cero no meu caso, fanme pagar medicación pola nova lei que quitou o señor Rajoy, pero como vostede mesmo me dixo cando lle dixen eso, vostede mesmo me dixo "cada palo que aguante de su vela", muy bien pues entonces señor López, irei xunto ao señor Rajoy que me enseñe o seu pao, a súa vela, e si lle fixen un rogo, e si lle fixen unha pregunta ¿van a facer ese campo de fútbol?, sa é a pregunta e o rogo é por favor se o fan cómprenos un balón, gracias.

Sr. Alcalde.- Moi ben, grazas a vostede.

Sra. María de los Ángeles Candal Felipez.- Bueno, vamos a empezar. Yo soy una enferma crónica, a mí aquí en el Ayuntamiento no me pagan medicamentos, ¡ni uno!, porque fui a preguntar a las farmacias y me dijeron que no les dejaban a ninguna farmacia de las que yo fui que no querían nada con el Ayuntamiento porque non les pagaban. ¿Queréis que hable en castellano o en gallego, me da igual?. Eso fué lo que me han dicho en la farmacia, que no, que no querían eso porque non. Entonces me estoy sirviendo de los servicios de Cáritas gracias a Dios, de mis medicamentos, y son bastantes medicamentos los que tengo en este momento.

Segundo lugar, lo del IBI, lo que se habló del IBI, en las ciudades que son más grande que aquí, que A Estrada, se está pagando menos de la mitad de lo que se está pagando en A Estrada.

Ahora vamos a empezar con lo de...con lo del Obradoiro de Emprego, que la señora Amalia el otro día me dijo que yo era muy lianta ¿eh?, y hoy me enteré de casualidad, me enteré, por eso vine aquí, me enteré por casualidad de que la gente piensa aquí que yo denuncié, porque aquí n dinero que...que...que ese dinero que voló, me enteré de casualidad, presuntamente voló. Porque nos tenían que comprar los cascos, la ropa..., es decir, todo de arriba a abajo, nos intentaron hacer, el señor Ignacio, poner los cascos y la ropa que había allí de otros años, yo me negué, dije que no y yo me negué ¿eh?, entonces, ese dinero ¿dónde está?, ¿dónde está el dinero de las botas de goma?, que nadie usó botas de goma, a nadie le compraron botas de goma, ¿en dónde están las botas de goma señora

Goldar?. Señora Goldar yo tengo aquí las fotos, yo por lo que sé...yo por lo que sé, por lo que me dijeron hoy, presuntamente, porque non sé si es verdad no, recibieron una denuncia de... ¿cómo era?... de riesgos laborales, yo dije que la iba a hacer, tengo mi escrito en casa, tengo fotos aquí que puedo ensañar por aquí para que vean todos cómo estamos trabajando sin señalización ninguna, sin tener nada, solamente la de no se admiten ... no se admiten perros aquí dentro, aquí tienen ustedes las fotos, aparte tengo más por si las moscas me se quedan con ellas, aparte tengo más.

Que más era, yo tuve muchos problemas, a mi me abrieron una taquilla con mi candado, de 17 taquillas que había me rompieron mi candado e llevaron mi taquilla ¿eh?. Después tuve problemas con otros dos profesores más, y muy gordos, un compañero me ofreció una ostia y aquí nadie sabe nada ¿eh?, y es para denunciar todo y eso y yo no denuncié a nadie, ese compañero al final me vino pidiendo perdón, de hecho me enteré que, presuntamente, no teníamos porque fregar nosotros, nadie de nosotros, en el Obradoiro de Empleo...el Obradoiro de Empleo lo tuvimos que fregar todos, que para eso tenían ustedes, todos tenían un dinero para una persoa que fregara el Ayuntamiento, para que fregara el...el recinto todo del Obradoiro de Empleo, y como eso mucho más ¿eh? La gente que está allí, los docentes, más de la mitad de los docentes no tienen...ni siquiera tienen la ESO ¿eh?, tuvieron que quitar todo lo da ESO. Entonces, por lo cual, hay muchas negligencias ahí metidas. Entonces ahora sí, como me llegó un poco hasta las narices este tema, no sé...no sé hasta dónde llegaron con todo esto, ahora sí, me voy a poner en contacto con toda la gente y conmigo para que sepan todo lo que hicieron ustedes el año pasado.

Sr. Alcalde.- Moi ben, me parece que, bueno, quedou claro cal é a súa opinión sobre un Obradoiro que, ademais, creo que vostede participou ¿non?. Vostede é parella da persoa que falou antes que me decía que dende o Concello non recibira ningunha axuda, dígoo porque vostede estivo no Obradoiro de Empleo que acaba de rematar ¿non? Polo tanto, bueno... o Concello intenta poñer en...o Concello intenta...intenta poñer en marcha políticas de apoio á actividade i ao emprego i vostede pois tivo a sorte de ser unha das persoas que puido participar nese Obradoiro de Empleo e puido facer...puido facer unha serie de obras importantes para a comunidade, polo tanto si vostede...

Sra. María de los Ángeles Candal Felipez.-... (non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Un Obradoiro de Empleo.... pois había moita xente que quixo entrar e non puido entrar i... bueno... esa xa é unha opinión que eu dende logo...

Sra. María de los Ángeles Candal Felipez.-... (non se aprecia)

Sr. Alcalde.- é moi libre si...

Sra. María de los Ángeles Candal Felipez.-... (non se aprecia)

Sr. Alcalde.- ¿Algunha...algunha outra cuestión?, ¿algunha outra cuestión?, ¿non sei se hai algunha outra...?

Sra. María de los Ángeles Candal Felipez.-... (non se aprecia)

Sr. Alcalde.- De momento, de momento, de momento os Plenos...de momento os xestiono eu como Alcalde se me permite i me deixa seguir xestionando os Plenos, non, vostede xa tivo a súa intervención, se hai algunha outra intervención por parte do público asistente pode ter a palabra i se non hai ningunha...se non hai

ningunha outra intervención... **(ruído)** non, no Pleno os rogos e as preguntas se dirixen ao Alcalde, neste Reglamento de participación cidadá se dirixen...se dirixen ao Alcalde. Así que, non sei se hai algunha outra cuestión, e se non hai ningunha outra cuestión agradecéndonlles a todos a súa amabilidade e a súa participación levantamos sesión, moitas grazas.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e dúas horas e trinta minutos.

A Estrada, 7 novembro de 2013
A SECRETARIA EN FUNCIONS,

Asdo.: M^a Jesusa Fernández Bascuas